

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2022

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e un minuto do día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez (*incorpórase á sesión ás 20:11 horas*) e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común; e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica María Otero López, secretaria accidental

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de xaneiro de 2022, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_2022012719011200000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 20 de maio de 2021, á sesión ordinaria do día 27 de maio de 2021, ás dúas sesións extraordinarias do día 16 de xuño de 2021 (ás 12:00 e 13:00 horas), á sesión ordinaria do día 24 de xuño de 2021, á sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2021, á sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2021, á sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2021, á sesión extraordinaria e urxente do día 14 de outubro de 2021, á sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2021, á sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2021, á sesión extraordinaria do día 23 de decembro de 2021 e á sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2021

Acceso á videoacta – 00:00:25 horas

Faise constar que, por un erro material, no enunciado da convocatoria remitida aos membros da Corporación non constaba incluída para aprobación a acta da sesión ordinaria do día 27 de maio de 2021. Non obstante, tendo en conta que a dita acta remitiuse en tempo e forma xunto coa convocatoria, todos os concelleiros e concelleiras presentes na sesión amosan a súa conformidade con incluíla para aprobación.

O señor presidente pregunta se algún dos membros do Pleno municipal ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 20 de maio de 2021, á sesión ordinaria do día 27 de maio de 2021, ás dúas sesións extraordinarias do día 16 de xuño de 2021 (ás 12:00 e 13:00 horas), á sesión ordinaria do día 24 de xuño de 2021, á sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2021, á sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2021, á sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2021, á sesión extraordinaria e

urxente do día 14 de outubro de 2021, á sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2021, á sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2021, á sesión extraordinaria do día 23 de decembro de 2021 e á sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2021.

A secretaria accidental informa que na acta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de decembro de 2021 detectouse un erro material nun dos enunciados que figuran na páxina 3 da acta, de xeito que onde di: **"2. PARTE RESOLUTIVA"**, debe dicir: **"2. PARTE DECLARATIVA"**.

Non se formulan máis alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están presentes neste momento e que asistiron ás citadas sesións, coa modificación da acta da sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2021, tal e como foi transcrita:

- dezanove concelleiros na sesión extraordinaria do día 20 de maio de 2021 (os sete concelleiros de UxC que se relacionan: don Óscar A. García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os tres concelleiros do PP; o concelleiro do BNG que se relaciona: don Brais Cubeiro Fernández; os dous concelleiros de AV; a concelleira de EU-Son en Común; e a concelleira de C's)
- vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 27 de maio de 2021, nas dúas sesións extraordinarias do día 16 de xuño de 2021 (os oito concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os tres concelleiros do PP; o concelleiro do BNG que se relaciona: don Brais Cubeiro Fernández; os dous concelleiros de AV; a concelleira de EU-Son en Común; e a concelleira de C's)
- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 24 de xuño de 2021 (os oito concelleiros de UxC; os tres concelleiros do PSdeG-PSOE que se relacionan: dona Lúa Sanguinedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez e don Diego Alcantarilla Rei; os tres concelleiros do PP; o concelleiro do BNG que se relaciona: don Brais Cubeiro Fernández; os dous concelleiros de AV; a concelleira de EU-Son en Común; e a concelleira de C's)
- dezaioito concelleiros na sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2021 (os oito concelleiros de UxC; os dous concelleiros do PSdeG-PSOE que se relacionan: don Miguel Ángel Gutiérrez e dona Patricia María Parceros Quiñoy; os tres concelleiros do PP; o concelleiro do BNG que se relaciona: don Brais Cubeiro Fernández; os dous concelleiros de AV; a concelleira de EU-Son en Común; e a concelleira de C's)
- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2021 (os oito concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; as dúas concelleiras do PP que se relacionan: María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe; o concelleiro do BNG que se relaciona: don Brais Cubeiro Fernández; os dous concelleiros de AV; a concelleira de EU-Son en Común; e a concelleira de C's)
- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2021 (os sete concelleiros de UxC que se relacionan: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os tres concelleiros do PP; o concelleiro do BNG que se relaciona: don Brais Cubeiro Fernández; os dous concelleiros de AV; a concelleira de EU-Son en Común; e a concelleira de C's)
- dezanove concelleiros na sesión extraordinaria do día 14 de outubro de 2021, na sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2021 e na sesión extraordinaria do día 23 de decembro de 2021 (os oito concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os tres concelleiros do PP; o concelleiro do BNG que se

relaciona: don Brais Cubeiro Fernández; o concelleiro de AV que se relaciona: Raúl Varela Fraguío; a concelleira de EU-Son en Común; e a concelleira de C's)

- dezasete concelleiros na sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2021 (os oito concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros do PP que se relacionan: Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe; o concelleiro de AV que se relaciona: don Raúl Varela Fraguío; a concelleira de EU-Son en Común; e a concelleira de C's)
- dezasete concelleiros na sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2021 (os seis concelleiros de UxC que se relacionan: don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos e dona Mónica Varela Germade; os tres concelleiros do PSdeG-PSOE que se relacionan: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei; os tres concelleiros do PP; o concelleiro do BNG que se relaciona: don Brais Cubeiro Fernández; os dous concelleiros de AV; a concelleira de EU-Son en Común; e a concelleira de C's)

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Proposta de desestimación das alegacións presentadas fronte ao acordo de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio 2022

Acceso á videoacta – 00:02:07 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 19 de xaneiro de 2022, que consta do seguinte teor literal:

“En sesión extraordinaria de data 23 de decembro de 2021, o Pleno da corporación aprobou inicialmente o orzamento para o exercicio 2022, xunto cos s^eus anexos e Bases de execución por importe de 19.738.906,37 euros.

O dito acordo foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 245, de data 27 de decembro de 2021, presentándose alegacións no período de exposición pública pola Federación de Atención a la Ciudadanía de USO con CIF V83365445, con data 18 de xaneiro de 2022 e núm. de rexistro de entrada 20229000000122.

Vistas as alegacións presentadas ao presuposto municipal.

Considerando o informe emitido polo interventor municipal de data 18 de xaneiro de 2022, do seguinte teor literal:

« I. ANTECEDENTES.

- O pleno do Concello de Cambre aprobou, en sesión extraordinaria celebrada o 23/12/2021 o Orzamento para o ano 2022.
- Se leva a cabo a publicación no BOP de A Coruña número 245 de data 27/12/2021 iniciándose o día seguinte o prazo para presentar alegacións contra a aprobación inicial sendo o prazo de 15 días.
- Con data 18 de xaneiro de 2022 presentase por parte da Federación de Atención a la Ciudadanía de la Unión Sindical Obrera (USO) con CIF V83365445, alegacións ó orzamento 2022.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Artigos 162 a 171 e 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aprobase o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante).
- Artigos 2 a 16 e 18 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais.
- Artigo 97.5 do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).

III. INFORME.

1. Competencia para presentar alegacións. Segundo o indicado no artigo 170 do TRLRFL terán a consideración de interesados:

- a) *Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.*
- b) *Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*
- c) *Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.*

Entendemos que o sindicato Unión Sindical Obrera (USO) pode **considerarse competente** de acordo ó punto c) deste artigo.

2. Causas admisibles de reclamación ao orzamento. O propio artigo 170 del TRLRFL no seu apartado segundo, establece que unicamente se poderán presentar reclamacións polos seguintes motivos:

- a) *Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos.*
- b) *Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de las obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.*
- c) *Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de éstos respecto a las necesidades para las que están previstos.*

Debe de terse en consideración que a xurisprudencia recoñece que, a falta de axuste ós motivos de impugnación previstos no citado artigo non poden, en ningún caso, erixirse como causa de inadmisión do recurso senón no seu caso como causa de desestimación.

3. Alegacións.

3.1. Alegación primeira.

- **Motivo da alegación por parte de Sindicato USO:** *“Visto el Anexo de Personal del presupuesto Municipal para el ejercicio 2022 es insuficiente el crédito pues resulta necesario:*

- Reducir la temporalidad y cubrir definitivamente las plazas vacantes*
- Cubrir las plazas vacantes en el Cuerpo de Policía Local (aumentar efectivos)*
- Incorporar definitivamente a la plantilla las plazas subvencionadas: Técnico de Gestión cultural, Normalización lingüística y técnico deportivo.*
- Proceder a un proceso de estabilización del empleo temporal”.*

- **Motivo no que tería encaixe legal dentro dos existentes do artigo 170 TRLRFL.**

“b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de las obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.”

- **Consideración da intervención municipal sobre alegación proposta.**

1. Existe crédito adecuado e suficiente non só para dar cobertura orzamentaria ós postos que actualmente están sendo ocupados senón tamén para os vacantes.
2. A cobertura definitiva das prazas vacantes así como levar a cabo un proceso de estabilización temporal son cuestións que nada teñen que ver ca aprobación do orzamento municipal, mais ala da existencia ou non de crédito. Para levar a cabo as actuacións propostas é necesaria oferta de emprego publico consorte ca taxa de reposición de efectivos aprobada pola Lei de Orzamentos Xerais así como a lexislación sectorial vixente e ulterior aprobación das bases de procesos de selección.

3. descoñecemos os criterios de elección dos 3 postos seleccionados por este sindicato para a súa inclusión na plantilla municipal nomeando as mesmas como “*plazas subvencionadas*”. En primeiro lugar forman parte de plantilla, e para maior abundancia, dúas de elas, a Técnica de Xestión Cultural (entendemos que se refiren á Dinamizadora Cultural, técnica A2 adscrita a cultura) e o Técnico deportivo (entendemos que se refire ó Animador deportivo, C1 adscrito a deportes), están recollidas na Relación de postos de traballo e cubertas co funcionarios/as de carreira. Polo tanto parece que esta análise feita polo reclamante non responde á realidade do Concello de Cambre. En canto a Normalizador/a lingüística actualmente non existe ninguén na plantilla con esa denominación por non ter ningunha persoa desenvolvendo tales funcións.

3.2. Alegación segunda.

- **Motivo da alegación por parte de Sindicato USO.** “*Por último, para prestar servicios de calidad al ciudadano lo más importante en una Administración próxima y cercana al vecino son los empleados públicos (funcionarios y personal laboral) de una Administración Local, siendo necesario fomentar la creación de empleo estable y la prestación de un servicio público y de calidad.*”
- **Motivo no que tería encaixe legal dentro dos existentes do artigo 170 TRLRFL. Sen encaixe**
- **Consideración da intervención municipal sobre alegación proposta.** Trátase de consideracións xenéricas sen alegar defectos concretos na tramitación ou omisións de crédito para cumprir con compromisos de gasto concretos.

IV. CONCLUSIÓNS.

En consecuencia, de acordo co indicado neste informe, **procede que o Pleno do Concello de Cambre desestime as alegacións do Sindicato Unión Sindical Obrera (USO), procedendo a continuar ca tramitación do orzamento conforme o indicado no informe de intervención.**»

Tendo en conta o disposto no artigo 169 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Acordar a desestimación das alegacións presentadas pola Federación de Atención a la Ciudadanía de USO con CIF V83365445 con data 18 de xaneiro de 2022 e núm. de rexistro de entrada 20229000000122, contra o acordo de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio 2022, con base nos fundamentos xurídicos sinalados no informe de Intervención de data 18 de xaneiro de 2022.

Segundo: Publicar o orzamento xeral para o exercicio 2022 definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no *Boletín oficial da provincia* tal e como establece o artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, así como o cadro de persoal do Concello de Cambre para o 2022.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de xaneiro de 2022.

Faise constar que don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG, incorpórase á sesión ás 20:11 horas, iniciado o debate do presente punto.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). E abstéñense

os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”

Acceso á videoacta – 00:14:58 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 17 de xaneiro de 2022, que consta do seguinte teor literal:

«O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS+) do ano 2022 cuxas bases foron publicadas no BOP número 228 do 30 de novembro de 2021.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+ 2022 dun total de 580.848,32 €, correspondendo 346.459,17 € á “achega provincial 2022”, 208.404,71 € á “Achega provincial 2021” e 25.984,44 € a “Préstamo provincial 2022”.

Segundo o disposto na base 2 das reguladoras do Plan, os concellos poderán destinar a cantidade asignada neste Plan aos seguintes obxectos:

- Gasto corrente

O Concello poderá destinar a “achega provincial 2022” ou excepcionalmente a “achega provincial 2021”, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o exercicio 2022 polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios, segundo se detalla nas Bases 2.1 e 5.B.1, sen límite ningún.

- Realización de investimentos

O Concello poderá destinar a “achega provincial 2022” e a “achega provincial 2021” ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- Redución da débeda do Concello con entidades financeiras

Por outra parte, no que se refire ao “préstamo provincial 2022”, o concello unicamente poderá aplicalo a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras non procedentes dos mecanismos de financiamento de pago a provedores de carácter estatal.

- Gastos sociais

O Concello poderá destinar a “achega provincial 2022 extraordinaria” ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do “POS+ Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022”.

As cantidades do POS+ 2022 asignadas a este Concello para cada un dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

ASIGNACIÓN POS+ 2022					
Achega provincial 2022	Achega provincial 2021			Préstamo provincial 2022	Total POS+ 2022
	Baixas/Anulac.	Asignación	Total Achega 2021		
346.459,17	74.154,18	134.250,53	208.404,71	25.984,44	580.848,32

A proposta presentada inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar a totalidade do importe correspondente á “Acheга provincial 2021” (208.404,71€) aos investimentos financeiramente sostibles, que se indica a continuación:

Denominación	Importe (IVE engadido)
PBE MELLORA FUNCIONAL DO PASEO DOS TEMPLARIOS. CAMBRE. FASE 1	118.404,71€
PBE REHABILITACIÓN DO PAVIMENTO DA PISTA POLIDEPORTIVA “A BALASTREIRA”. CAMBRE	30.000,00€
MELLORA DA PISTA DEPORTIVA MUNICIPAL DO TEMPLE. CAMBRE	60.000,00€

- Destinar o importe da asignación da “Acheга provincial 2022” (346.459,17 €), a gasto corrente.
- Destinar a case totalidade da asignación do “Préstamo provincial 2021” (25.984,44 €) por importe de 19.091,93€, á redución das débedas do concello con entidades financeiras.

Ademais, as bases reguladoras do POS+ 2022, establecen a obriga para os Concellos de solicitar “investimentos financeiramente sostibles” dentro do Plan Complementario, por un importe mínimo do 50% da suma dos tres tipos de achegas provinciais, isto é, como mínimo 290.424,16 €, facéndose proxectos por un importe de 303.343,10 €.

Así, propónse como actuacións, os seguintes investimentos:

Denominación	Importe (IVE engadido)
PBE MELLORA FUNCIONAL DA RUA ROCÓN. CAMBRE	60.000,00€
PBE MELLORA FUNCIONAL E DA ACCESIBILIDADE DO PARQUE RAMÓN BARBA. CAMBRE. FASE 1	243.343,10€

Para a elección das actuacións, tívose en conta a enquisa xestionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas. Con base nisto, as prioridades do Goberno Municipal son as de mellorar a accesibilidade para adaptarse ás esixencias da normativa e ir avanzando na eliminación dos déficits urbanos, así como facilitar o uso dos espazos públicos a toda a veciñanza do concello.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

Co proxecto denominado “PBE Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1” preténdense realizar as obras necesarias para mellorar o seu percorrido, dotándoo de elementos que naturicen o conxunto e inviten ao seu uso; polo que a acentuación céntrase na mellora integral do pavimento e unha nova configuración dos espazos axardinados, coa implantación de arborado e mobiliario novos. Todo isto para mellorar o seu estado actual que consiste nun itinerario peonil que presenta un pavimento que combina áreas con solera de formigón con zonas de baldosa de pizarra. Este deseño percíbese con certa sensación de dureza á hora do seu uso: os materiais existentes son ríxidos, e a falta de zonas axardinadas, que naturicen o percorrido e sombras que inviten ao descanso, supoñen un inconveniente para o potencial de disfrute que presenta.

En canto ao proxecto denominado “PBE rehabilitación do pavimento da pista polideportiva ‘A Balastreira’”, trátase dun proxecto básico e de execución para a mellora do pavimento actual, en solera de formigón pintada, que se atopa de tal

forma que supón un risco físico para os usuarios desta instalación deportiva. O conxunto da pista está formado por diferentes lousas coas súas correspondentes xuntas de dilatación, no que, co paso dos anos, produciuse gretas en diferentes lousas e incluso asentamentos diferenciais, provocando desniveis entre as propias lousas, facendo que o uso da pista non cumpra coa necesaria seguridade de utilización. Con este proxecto preténdese actualizar este equipamento mediante a rehabilitación integral do pavimento da pista polideportiva.

E para rematar cos proxectos incluídos no POS+ 2022 principal, o proxecto denominado “Mellora da pista deportiva municipal do Temple. Cambre”, ten por obxecto a repavimentación da pista e o pintado dunha pista de fútbol-sala e dúas pistas de minibasket, coas medidas regulamentarias da Federación e Consello Superior de Deportes, dotando deste xeito ao campo, dunha pista máis para o seu uso. Finalmente, complementaranse as obras coa mellora do cerramento actual, que está deteriorado comprometendo a seguridade no uso dela.

Respecto dos proxectos que se propoñen incluír no POS+ 2022 Complementario, co denominado “Proxecto básico e de execución Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre”, preténdese a mellora da mobilidade dos peóns e a accesibilidade nesta rúa, e continuar coa posta en valor desta contorna monumental, na que se atopa a igrexa de Santa María de Cambre e o cruceiro, completando a relación entre os espazos públicos existentes. As actuacións que se proxectan tratan de manter a continuidade material das actuacións acometidas con anterioridade de xeito que toda a contorna monumental teña un tratamento coherente e harmónico. Para iso, dáselle continuidade aos pavimentos conservando a lousa de pedra recentemente instalada na beirarrúa sur, pero incrementando a anchura onde non é accesible, para o que será preciso demoler o bordo biselado existente. A beirarrúa norte amplíase tamén para garantir a accesibilidade e paviméntase tamén en lousa de granito. Levántanse as luminarias existentes, que serán substituídas por outras de tecnoloxía led e deseño contemporáneo, do mesmo modelo que as instaladas na Praza Europa e que tamén se proxecta colocar na praza do Concello.

Tamén no POS+ 2022 Complementario se inclúe o proxecto denominado “PBE Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre. Fase 1” co que se vai a levar a cabo a demolición da piscina e as edificacións anexas, e o muro que as delimita para aportar deste xeito, unha maior permeabilidade co entorno inmediato. Propónse nesta superficie unha zona multifuncional/cultural. Esta nova zona desenvólvese a partir dunha solución a base de gradas que se van adaptando á topografía natural do terreo, que comunican con fluidez espacial a diferenza de cota existente; solución proxectual que busca executarse cun mínimo esforzo construtivo, conseguindo unha funcionalidade que supera a estacionalidade dunha determinada época do ano. Tamén se propón unha zona xuvenil/deportiva para poñer en valor a pista polideportiva existente, cun rocódromo ou zona de escalada que se desenvolve na parte traseira do fondo norte da pista polideportiva.

Tendo en conta o disposto no apartado 5.B.2.2 das bases reguladoras do Plan, solicitáronse todas as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Tendo en conta todos estes razoamentos e logo de ver:

- Os informes urbanísticos emitidos polo arquitecto municipal con datas do 12 e 13 de xaneiro de 2022.
- Os informes favorables relativos á dispoñibilidade de terreos emitidos conxuntamente polo arquitecto municipal xunto coa secretaria accidental do concello, emitidos con data do 14 de xaneiro de 2022.
- Os informes emitidos polo Interventor municipal de data 13 de xaneiro de 2022 relativos ao cumprimento da lexislación sobre préstamos e sobre os datos das débedas coas entidades financeiras a reducir con cargo ao préstamo 2022.

Con base no anterior, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	346.459,17 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00€
Subtotal gasto corrente	346.459,17 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	Financiamento do investimento				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
---	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€
Subtotal investimentos achega provincial 2022	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
PBE Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1	118.404,71€	0,00€	0,00€	0,00€	118.404,71€
PBE Rehabilitación do pavimento da pista polideportiva "A Balastreira". Cambre	30.000,00€	0,00€	0,00€	0,00€	30.000,00€
Mellora da pista deportiva municipal do Temple. Cambre	60.000,00€	0,00€	0,00€	0,00€	60.000,00€
Subtotal investimentos achega provincial 2021	208.404,71€	0,00€	0,00€	0,00€	208.404,71€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.	19.091,93€
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	19.091,93€

D) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Total
			Concello	IVE sorport. deducible (só abastec. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	346.459,17€				346.459,17€
	Achega 2021 (Excep.Base 2.1)	0,00€				0,00€
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€
	Achega 2021	208.404,71€	0,00€	0,00€	0,00€	208.404,71€
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	19.091,93€				19.091,93€
TOTAL	Achega 2022	346.459,17€	0,00€	0,00€	0,00€	346.459,17€
	Achega 2021	208.404,71€	0,00€	0,00€	0,00€	208.404,71€
	Préstamo 2022	19.091,93€				19.091,93€
	TOTAL	573.955,81€	0,00€	0,00€	0,00€	573.955,81€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C=A-B)
PBE Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre	60.000,00€	0,00€	60.000,00€
PBE Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre. Fase 1	243.343,10€	0,00€	243.343,10€
TOTAIS	303.343,10€	0,00€	303.343,10€

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 20 de xaneiro de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei) e os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” para o financiamento de gastos sociais extraordinarios

Acceso á videoacta – 00:25:12 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14 de xaneiro de 2022, que consta do seguinte teor literal:

«O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 26 de novembro de 2021, aprobou as Bases Reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2022”, que se destina aos 93 concellos da provincia,

Xunto co POS+ 2022 régúlase simultaneamente un POS+ ADICIONAL 1/2022 para financiamento de gastos sociais extraordinarios a través da Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial da Coruña.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+ AD 1/2022 dun total de **121.260,72 euros**.

A diferenza do POS ADICIONAL 1/2021 gastos sociais extraordinarios co que unicamente se podían financiar gastos de mantemento, esta achega poderá destinarse indistintamente a certos gastos extraordinarios de mantemento e/ou equipamento.

Visto o informe da coordinadora de servizos sociais do Concello de Cambre de data 14 de xaneiro de 2022.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a aprobación da solicitude do Plan POS+ ADICIONAL 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios para o exercicio de 2022.

O Concello de Cambre, a proposta da Alcaldía é destinar a totalidade do importe (121.260,72 euros), de entre todos os gastos sociais extraordinarios, ao parágrafo b), que di literalmente: *“Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais”*

Con base no anterior, propono ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) **“POS+ Adicional 1/2022”** da Deputación provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do Concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ Adicional 1/2022	121.260,72 euros
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	121.260,72 euros

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
<i>b) “Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais”.</i>	180000,00€	0 euros	180000,00€
TOTAL	180000,00€	0 euros	180000,00€

Segundo: Facultar expresamente á concellería delegada de Benestar social, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 20 de xaneiro de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona

María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria e orzamento do Certame Literario Xoán Díaz-Concello de Cambre 2022, así como a súa convocatoria

Acceso á videoacta – 00:26:52 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 17 de xaneiro de 2022, que consta do seguinte teor literal:

«O artigo 9.2 da Constitución española establece que “Corresponde aos poderes públicos [...] facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”. No artigo 20, apartado a), recóllese o dereito “a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución” e no apartado b) recóllese o dereito “á produción e a creación literaria, artística, científica e técnica”.

Os concellos son as administracións máis próximas aos cidadáns con competencias en materia de promoción cultural, deportiva e de ocio e tempo libre. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 25.2 apartado m), establece entre as súas competencias a “Promoción da cultura e equipamentos culturais”.

Segundo o establecido no artigo 3.1, no seu apartado b) da lei 5/2016, de 5 de maio, de patrimonio de Galicia, as administracións locais deben colaborar na salvagarda e na conservación do patrimonio cultural, fomentado o goce e estimulando para iso a participación activa de toda a sociedade. Así mesmo, o artigo 9.3, apartado a), punto primeiro, considera “a lingua como vehículo do patrimonio cultural e inmaterial, regulada pola súa normativa específica”.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no artigo 25 establece que “as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

Con base neste marco legislativo, o Concello de Cambre pretende levar a cabo o Certame Literario Xoán Díaz – Cambre 2022 no que se inclúen traballos de poesía, narración breve e microteatro.

Por todo isto dende a Área de Cultura, Deportes e Xuventude propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases e ficha de inscrición do Certame Literario Xoán Díaz - Concello de Cambre 2022, así como a súa convocatoria:

“BASES DA XXVIII EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ – CONCELLO DE CAMBRE 2022

PRIMEIRA.- Poderá participar neste certame calquera moza/-o de idade comprendida entre os 12 e os 26 anos cumpridos antes da data límite de presentación das propostas, segundo as seguintes categorías:

CATEGORÍA A:	de 12 a 14 anos
CATEGORÍA B:	de 15 a 18 anos
CATEGORÍA C:	de 19 a 26 anos

SEGUNDA.- Cada participante poderá presentar unha proposta a calquera das tres modalidades: Poesía, Narración breve e Microteatro.

- Modalidade de poesía: presentaranse tres poemas como mínimo, de tema e forma libres.
- Modalidade de narración breve: a extensión máxima será de cinco páxinas por unha soa cara e o tema libre.
- Modalidade de Microteatro: a extensión será de entre 5 e 10 páxinas, a unha soa cara, con tema libre.

TERCEIRA.- Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados.

CUARTA.- Deberán estar escritos con ordenador, en tamaño A4, espazado entre liñas simple e tamaño de letra 12; paxinados e sen asinar.

QUINTA.- Os traballos presentaranse por correo electrónico enviándoos ao enderezo certamexoandiaz@cambre.org.

No asunto figurará o PSEUDÓNIMO do autor. No corpo do texto figurarán o PSEUDÓNIMO, TÍTULO DA OBRA e CATEGORÍA. Enviaranse tres arquivos PDF. O primeiro deles coa ficha de inscrición do concursante; no segundo arquivo irá o DNI e, finalmente, no terceiro, o traballo que levará o PSEUDÓNIMO e o TÍTULO da obra.

SEXTA.- Haberá dous premios por categoría e modalidade, aínda que o xurado poderá declarar deserto calquera deles no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados.

O importe dos premios será de:

CATEGORÍA A:	1º Premio: 173,00 €	2º Premio: 128,00 €
CATEGORÍA B:	1º Premio: 218,00 €	2º Premio: 150,00 €
CATEGORÍA C:	1º Premio: 300,00 €	2º Premio: 173,00 €

Para o financiamento dos premios do Certame existe crédito por importe de 3.426,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2022 334 48100 *Becas e premios promoción cultural* no actual orzamento municipal.

SÉTIMA.- Aos premios practicaránelles as retencións legalmente establecidas. A presentación da ficha de inscrición implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Con carácter previo á concesión comprobarase de oficio que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de ser o caso. De non cumprir estes requisitos han de emendarse polo premiado e acreditarse ante o concello antes do 31 de xullo de 2022. De non emendar neste prazo, declararase a perda do dereito ao pagamento do premio polo interesado.

OITAVA.- Da convocatoria do certame darase traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 20 da Lei xeral de subvencións.

NOVENA.- O prazo para presentar solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial da Provincia* do extracto da convocatoria e remata o día 30 de abril de 2022.

DÉCIMA.- A composición e o fallo do xurado darase a coñecer 27 de maio de 2022.

UNDÉCIMA.- A organización do Certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría e enviarán ao enderezo de correo electrónico certamexoandiaz@cambre.org os seus traballos en formato de texto editable.

DUODÉCIMA.- Os traballos non premiados destruíranse pasado un mes desde o fallo do xurado.

DÉCIMO TERCEIRA.- O xurado e a organización do certame están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.”

FICHA DE INSCRICIÓN
CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ – CONCELLO DE CAMBRE 2022

Modalidade: Poesía
Narración breve
Microteatro

Categoría: Categoría A
Categoría B
Categoría C

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:
NIF:
Domicilio:
Código Postal: Localidade:
Data de nacemento: Idade:
Teléfono:..... /.....
Correo electrónico:
Centro de estudo/traballo:

Datos do representante legal (*se o autor/a é menor de idade e non é titular da conta bancaria*)
Relación co concursante.....
Nome e apelidos (pai, nai ou titor)

DATOS FISCAIS

Titular da conta bancaria: (O titular da conta bancaria pode ser distinto do premiado no caso en que o premiado sexa menor de idade e/ou careza de conta aberta en entidade financeira da súa titularidade)

Nome e apelidos:NIF:.....

IBAN : ES __ / __ / __ / __ / __ / __

A inscrición neste certame implica a aceptación das bases do mesmo. Máis información: 981 613 193 [ou cultura@cambre.org](mailto:cultura@cambre.org)

....., a de de 2022

Asdo.

Os datos incluídos nesta ficha serán incorporados a un ficheiro manual e automatizado propiedade do Concello de Cambre. Segundo a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, vostede poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición por escrito o Concello de Cambre- Área de Cultura, rúa Río Barcés, 8, 15660 Cambre ou ao enderezo de correo electrónico cultura@cambre.org.

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

Segundo: Aprobar un gasto por importe de tres mil catrocentos vinte e seis euros (3.426,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2022 334 48100 Becas e premios promoción cultural.

Terceiro: Publicar os presentes acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días hábiles a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten, entenderanse definitivamente aprobadas estas bases do Certame Literario Xoán Díaz – Concello de Cambre 2022, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 20 de xaneiro de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López).

O Pleno municipal, por dezaioito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria e orzamento do Concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2022, así como a súa convocatoria

Acceso á videoacta – 00:28:48 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 17 de xaneiro de 2022, que consta do seguinte teor literal:

«A celebración do Entroido en Cambre ten unha grande repercusión dentro do concello, pero tamén nos municipios limítrofes. Isto débese a que, ao longo do tempo, adquiriu unha identidade propia e unha forza espontánea grazas á implicación da veciñanza, dos participantes e dun público animoso que viven con entusiasmo esta festividade.

Na anterior edición, debido á anormal situación sanitaria provocada pola COVID-19, o Entroido pequeno conmemorouse cun concurso de disfraces no que os participantes presentaron as súas propostas a través de imaxes, para que o xurado as valorara.

Nesta edición, tendo en conta que a situación sanitaria actual é máis favorable e as medidas adoptadas polas autoridades pertinentes así o permiten, recupérase o tradicional desfile de comparsas e carrozas. Para evitar as habituais aglomeracións na inscrición dos disfraces, este ano realizarase previamente e a través do rexistro, ao igual que se fai coas comparsas e carrozas.

A celebración do Entroido adaptarase ás medidas sanitarias vixentes na data de celebración, e estará supeditada ás recomendacións e pautas derivadas da situación da pandemia nese momento.

Por todo isto, dende a Área de Cultura, Deportes e Xuventude propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as “bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2022” co seguinte teor literal, así como a súa convocatoria:

"BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO EN CAMBRE 2022

A finalidade deste concurso é estimular e fomentar a participación veciñal nunha festa popular e tradicional como o Entroido.

A celebración deste concurso adaptarase ás medidas sanitarias vixentes na data de celebración, sábado 5 de marzo de 2022, e estará supeditada ás recomendacións e pautas derivadas da situación da pandemia nese momento.

1. MODALIDADE DE DISFRACES

- 1.1. Nesta modalidade hai dúas categorías: infantil (menos de 12 anos) e xeral (a partir de 12 anos), na que se poderá concursar de forma individual ou en grupo. No caso dos grupos, para participar nunha categoría ou outra, terase en conta a idade da maioría das persoas participantes.
- 1.2. Non se permitirá subir ao escenario aqueles complementos dos disfraces que superen un metro cadrado.

2. MODALIDADE DE COMPARSAS

- 2.1. Poderán participar as comparsas previamente inscritas, compostas por un mínimo de seis persoas con disfraces que teñan relación entre si, e que participen no desfile ata o Campo da Feira. No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) de 3 a 4 minutos. Poderán traer un CD ou un pendrive coa música de acompañamento para a súa interpretación; este CD facilitaráselle á organización uns minutos antes da actuación ou cando se lles requira. Deberán achegar xunto coa inscrición un documento coas indicacións para o técnico de son.
- 2.2. As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartiráselle proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

3. MODALIDADE DE CARROZAS

- 3.1. Poderán participar todas as carrozas compostas por seis ou máis compoñentes, inscritas previamente, presentes no punto de saída e que participen no desfile ata o Campo da Feira.
- 3.2. Enténdese como carroza calquera estrutura remolcada por vehículo motorizado ou construída sobre el, cunha decoración especial e cunha elaboración debidamente coidada, cun mínimo de 2 rodas e con capacidade mínima para 4 persoas, e sempre que o xurado a cualifique coma tal. A altura máxima será de 4,20 m. No caso de que se supere a altura os elementos deben ser desmontables.
- 3.3. As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 15, repartiráselle proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.
- 3.4. Aqueles participantes na modalidade de carroza con dereito a gratificación que tamén se presenten como comparsa, só poderán percibir a gratificación para carrozas.

4. INSCRICIÓN PARA DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS

- 4.1. O período de inscrición comezará ao día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia e rematará o 28 de febreiro de 2022.

- 4.2. A inscrición formalizarase mediante a presentación da solicitude en calquera das oficinas de Rexistro Municipais ou na sede electrónica (sede.cambre.es), sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Cambre.

5. PREMIOS

- 5.1. Os premios a outorgar serán os seguintes:

PREMIOS				
Disfraces			Comparsas	Carrozas
	Infantil	Xeral		
1º	150 euros	150 euros	300 euros	500 euros
2º	-	-	200 euros	400 euros
3º	-	-	-	250 euros
4º	-	-	-	150 euros

- 5.2. O xurado poderá declarar deserto calquera deles.

- 5.3. No mesmo acto e publicamente darase a coñecer a decisión do xurado e entregarase un xustificante do premio.

6. PAGO DOS PREMIOS

- 6.1. O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

- 6.2. Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:

- Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
- No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
- Nos demais casos, certificado da conta bancaria asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

- 6.3. Presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

- 6.4. A data límite para entregar a documentación é o 31 de marzo de 2022. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

- 6.5. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

7. ASPECTOS XERAIS

- 7.1. A organización establecerá a orde no desfile e a orde de actuación, no caso das comparsas e disfraces. As carrozas serán colocadas no Campo da Feira e nas súas inmediacións durante a celebración da festa. As decisións tomaranse atendendo a criterios de seguridade.

7.2. A organización poderá descualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, as persoas con discapacidade, etc.

7.3. Non se autoriza a participación de animais como acompañantes.

8. XURADO

8.1. O xurado estará composto por tres persoas invitadas e de recoñecido prestixio, alleas á organización dos actos, presidido polo concelleiro da Área de Cultura, Deportes e Xuventude ou pola persoa na que delegue, con voz pero sen voto, e actuará como secretario/a un/unha funcionario/a do Concello.

8.2. A participación no concurso do Entroido 2022 en Cambre implica o coñecemento e aceptación destas bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

9. CRITERIOS DO XURADO

9.1. O xurado valorará os seguintes aspectos:

- a. A orixinalidade, estética, creatividade e traballo na elaboración dos disfraces, comparsas e carrozas
- b. A utilización de materiais de refugallo
- c. A inspiración en fontes culturais (escritores, pintores, científicos...) para a temática das carrozas, comparsas e disfraces
- d. A posta en escena, animación musical, a capacidade de interacción co público e a mobilización das masas, a sátira e a crítica social
- e. A conservación do *Entroido tradicional*
- f. O uso do galego, tanto oral como escrito
- g. O xurado poderá non valorar propostas semellantes ás recreacións históricas celebradas no municipio

9.2. O xurado outorgará un só premio por agrupación, aínda que participen en varias modalidades.“

Segundo: Aprobar o modelo normalizado de solicitude de inscrición e datos fiscais a presentar polos premiados, que se transcriben a seguir:

CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2022

FICHA INSCRIPCIÓN DISFRACES (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

CATEGORÍA: INFANTIL XERAL

NOME ARTÍSTICO:

INDIVIDUAL

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

GRUPO

Nome e apelidos: Idade:.....

Nome e apelidos: Idade:.....

Nome e apelidos: Idade:.....

Nome e apelidos: Idade:.....

Nome e apelidos: Idade:.....

Nome e apelidos: Idade:.....

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

.....

.....

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinalo o recadro que segue: non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo e que está informado das normas que se achegan no dorso. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _____ de ____

Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2022

FICHA INSCRICIÓN CARROZAS (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

- Asociación veciñal:
 Grupo de veciños:
 Outros concellos:

NOME ARTÍSTICO:

Breve descripción / composición / medidas (largo incluído o vehículo / ancho / alto)

.....

Iluminación da carroza segundo a normativa vixente de circulación

Compoñentes (mínimo 6)

Empadroado en Cambre

Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos: Asdo:
 NIF: Teléfono:
 Enderezo:
 Localidade: e-mail:

Nome e apelidos: Asdo:
 NIF: Teléfono:
 Enderezo:
 Localidade: e-mail:

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinala o recadro que segue: non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo e que está informado das normas que se achegan no dorso. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _____ de ____

Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2022

FICHA INSCRIPCIÓN COMPARSAS (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

- Asociación veciñal:
 Grupo de veciños:
 Outros concellos:

NOME ARTÍSTICO:

.....

Breve descripción / composición

.....

Necesidades: Lector pendrive Lector CD Micrófonos (núm. ____) Outros: _____

Compoñentes (mínimo 6)

Empadroadado en Cambre

Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinala o recadro que segue: non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo e que está informado das normas que se achegan no dorso. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _____ de ____

Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

Normas que figuran no dorso das solicitudes de inscrición

NOTA INFORMATIVA XERAL

- Para que o acto se desenvolva con normalidade, as persoas participantes no concurso deberán en todo momento seguir as indicacións da Policía Local, Protección Civil e do persoal da organización.
- Queda totalmente prohibido o uso de vasos de cristal na festa do Entroido, así como subir ao escenario con bebidas en calquera tipo de envase.
- Os/as participantes no concurso que causasen altercados durante a celebración da festa poderán ser descalificados do concurso a criterio da organización.
- Contra a 01:00 h deberá respectarse o descanso da veciñanza.
- A data límite para a presentación da folia dos datos fiscais xunto co NIF dos representantes e, no caso das asociacións, o CIF, documentación necesaria para o cobro dos premios/ gratificacións, será o 31 de marzo de 2022.
- O titular da conta debe corresponderse cun dos representantes legais; comprobarase que cumpra coas súas obrigas tributarias. No caso das asociacións a titular da conta debe ser a propia asociación.

NOTA INFORMATIVA PARA AS CARROZAS

- As carrozas non poden facer lume nin brasas no seu interior ou transportar líquidos inflamables, pirotecnia, antorchas ou obxectos con chama.
- As carrozas que non contén coa iluminación segundo a normativa de circulación vixente non poderán desprazarse de noite. Estas serán trasladadas todas ao mesmo tempo a un lugar alternativo a partir das 23.59 h. Este operativo será coordinado pola Policía local. O domingo 6 de marzo ás 11.00 h deberán retirarse do espazo asignado.
- Non está permitido viaxar na carroza ata o lugar de concentración; unicamente poderase transportar xente durante o percorrido do desfile.
- A subministración eléctrica temporal autónoma precisará a pertinente autorización, é dicir, un boletín eléctrico. A maiores da autorización será preciso contar cun extintor de incendios en regra no interior da carroza.

Moitas grazas pola súa colaboración e feliz Entroido 2022!!!

O concelleiro delegado da *Área de Cultura, Deportes e Xuventude*

CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2022

Datos Fiscais PREMIOS

CARROZAS

COMPARSAS

DISFRACES

Nº Nome artístico: Premio Importe: €

Representantes (deben ser os mesmos que na solicitude, dous no caso de grupos)

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 6 das bases do concurso):

6.1 O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

6.2 Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a **presentación no rexistro de entrada** da seguinte documentación:

- Ficha do formulario** de datos fiscais debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do NIF** do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
- No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
- Nos demais casos, **certificado da conta bancaria** asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

6.3 A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

6.4 **A data límite para entregar a documentación é o 31 de marzo de 2022.** A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

6.5 Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

Si, declaramos que a asociación veciñal está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co concello e coa Seguridade Social.

Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de premiado/representante legal/representante do grupo de veciños e titular da conta bancaria asociada ao premio.

Os asinantes declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso

Cambre, de de 2022

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2022

Datos Fiscais GRATIFICACIÓNS

GRATIFICACIÓN CARROZAS

GRATIFICACIÓN COMPARSAS

Asociación veciñal:

Grupo de veciños:

INFORMACIÓN PARA O PAGO DA GRATIFICACIÓN (segundo o punto 2.2 e 3.3 das bases do concurso):

2.2.- As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio, a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

3.3.- As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 15, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 6 das bases do concurso):

6.1 O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

6.2 Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a **presentación no rexistro de entrada** da seguinte documentación:

- Ficha do formulario** de datos fiscais debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do NIF** do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
- No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
- Nos demais casos, **certificado da conta bancaria** asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

6.3 A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

6.4 **A data límite para entregar a documentación é o 31 de marzo de 2022.** A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

6.5 Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

Si, declaramos que a asociación veciñal está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co concello e coa Seguridade Social.

Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de representante do grupo de veciños e titular da conta bancaria asociada ao premio/gratificación.

Os representantes que asinan esta inscrición declaman que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso do Entroido en Cambre 2022, que son maioritariamente veciños do concello.

Cambre,..... de..... de 2022

Asdo.:
Representante

Asdo.:.....
Representante

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

Terceiro: Aprobar un gasto por importe de *sete mil cen euros* (7.100,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2022 334 48100 "Becas e premios promoción cultural".

Cuarto: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: No caso de que non se presenten, entenderanse definitivamente aprobadas as bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2022, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Sexto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 20 de xaneiro de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 00:32:17 horas

Este punto non foi utilizado

Faise constar que, cando son as 20:33 horas, auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 00:32:20 horas

Este punto non foi utilizado

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 00:32:21 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP para esixir ao presidente do Goberno de España o cesamento inmediato do ministro de Consumo polos seus ataques á gandería e ao sector cárnico español. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PP para esixir ao presidente do Goberno de España o cesamento inmediato do ministro de Consumo polos seus ataques á gandería e ao sector cárnico español

Rexistrada de entrada ao núm. 999/276 o día 21 de xaneiro de 2022. Consta do seguinte teor literal:

«Segundo o Informe anual da industria alimentaria española, período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a industria cárnica é:

- A terceira en canto a número de empresas que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a industria alimentaria española.

A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% das empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).

É dicir, esta industria está formada predominantemente por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.

- En 2020 achegou case 9.000 millóns de € de exportacións á balanza comercial de España contribuindo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Se falamos de eficiencia, sustentabilidade e respecto ao medio ambiente e ao benestar animal, a produción gandeira de carne representa unicamente o 5,8% do total de emisións de gases de efecto invernadoiro a nivel mundial; o 80% das cales prodúcense en países en vías de desenvolvemento.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE) -a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeovixilancia en matadoiros, co obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traducíuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos se elaboran na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados (“... they export this poor quality meat from these ill-treated animals”).

Unhas declaracións que como podemos ver, revisando os datos publicados polo propio Goberno, son rotundamente falsas e demostran ou a profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as dúas cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca a unha das industrias alimentarias máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade ambiental, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo a centos de miles de españois e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun ministro cuxa misión é apoialos e se observa marxe de mellora poñer en marcha medidas, desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

O Concello de Cambre:

Primeiro: Esixe ao presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo ministro de Consumo e o seu cesamento polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis puxantes do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e o benestar animal.

Segundo: Esixe ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente na materia que, cos datos de que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que o devandito sector avance en sustentabilidade.

Terceiro: Recoñece o gran traballo realizado polos miles de gandeiros españois así como dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos para facer que o sector gandeiro cárnico se adapte ás novas esixencias, regulatorias e sociais, en materia medioambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria alcanzando os máximos estándares de calidade nas devanditas materias.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinero Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López). E abstense a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por dezaseis votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP para esixir ao presidente do Goberno de España o cesamento inmediato do ministro de Consumo polos seus ataques á gandería e ao sector cárnico español.

Acceso á videoacta – 00:51:44 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por EU-Son en Común para o rexeitamento á instalación de macrogranxas no Concello de Cambre. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción de EU-Son en Común para o rexeitamento á instalación de macrogranxas no Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 999/280 o día 21 de xaneiro de 2022. Consta do seguinte teor literal:

«O debate aberto no noso país sobre o modelo de produción agrícola e consumo, e en especial sobre a implantación de macrogranxas para atender a un consumo elevadísimo de carne, é unha oportunidade para establecer modelos alternativos e apostar definitivamente por explotacións sostibles de gandería extensiva (explotacións sostibles de agricultura e gandería familiar). Debido á baixa rendibilidade da actividade agrogandeira moitas explotacións familiares víronse obrigadas a abandonar modelos extensivos e semiextensivos por modelos produtivos intensivos. A aparición das macrogranxas non fai máis que agudizar esta restructuración do sector e prexudicar á gandería familiar sendo máis de 11.000 explotacións gandeiras as que botaron o peche nos últimos anos.

Porque este debate aborda unha realidade xa incontestable: que o noso modelo de produción e consumo é insostible. Vivimos unha crise ecolóxica e social con perda de biodiversidade, emerxencia climática e contaminación que ameaza con destruír a vida no planeta. Na conca mediterránea isto será máis rápido e grave, coa desertificación e as secas, ademais dos fenómenos climáticos extremos. É importante facer cambios no noso modelo de produción e consumo para que sexa sostible. A evidencia científica vén demostrando desde hai décadas que o consumo excesivo de carne ten un serio impacto sobre a nosa saúde e a do noso planeta.

A nivel mundial, segundo a FAO, só a gandería intensiva representa o 14,5% das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI). En España, os produtos de orixe animal son responsables do 80% das emisións asociadas á nosa dieta. A gandería intensiva en España é responsable do 9% do total das emisións de efecto invernadoiro. En 2020, segundo o MAPA, sacrificáronse en España 910 millóns de animais en matadoiros. Un modelo produtivo asociado a un elevado consumo de carne no noso país fronte ao cal xa se pronunciou a Comisión Europea, tanto no Informe *"La Estrategia de la Granja a la Mesa"* como no propio "Informe España 2050" que apostan por unha redución considerable de consumo para promover unha produción agroalimentaria e un consumo máis sostible.

Fronte a este modelo, cuxo baluarte máis significativo son as macrogranxas, existe un modelo sostible e que lamentablemente foi o gran prexudicado nas estratexias agrícolas europeas e estatais, o modelo de gandería extensiva, social e familiar, que é sostible ecoloxicamente, conserva a biodiversidade, mellora o chan, fixa gases de efecto invernadoiro a través das praderías o que contribúe a mitigar o cambio climático e na que o gando ademais cumpre con funcións de protección anti-incendios, por exemplo. Esa gandería crea emprego, arraiga a poboación ao territorio e permite producir alimentos de alta calidade.

En cambio, as macrogranxas intensivas están caracterizadas por unha produción masiva, rápida e o máis barata posible, o que leva consigo uns maiores custos ecolóxicos (maiores emisións de gases de efecto invernadoiro, maior uso de fertilizantes químicos, maior contaminación de chan e de auga), peor calidade do produto e escasísima creación de emprego. Este tipo de producións caracterízase polo amontoamento de miles de cabezas de gando en condicións tales que ás veces os animais non se poden sequera mover e son engordados mecanicamente ata o momento do sacrificio.

De acordo cos datos do Ministerio de Transición Ecolóxica o 30% das estacións de control das augas subterráneas e o 50% das superficiais indican mala calidade da auga debida a nitratos. A Comisión Europea abriu un expediente contra España en 2018 e requiriu medidas en 2020 precisamente para atallar este problema creado especialmente pola gandería industrial. Hai comunidades autónomas que teñen case a metade do seu territorio contaminado por exceso de nitratos. Unha contaminación que aumentou un 50% en catro anos.

Este modelo ten graves impactos en diversidade de aspectos; desde a saúde, xa que a gandería industrial é a principal consumidora masiva de antibióticos no mundo, contribuíndo significativamente á perda de eficiencia destes medicamentos, ademais de ser culpable dunha gran cota das emisións de gases de efecto invernadoiro e a contaminación de acuíferos por xurros. Pero tamén ten un impacto social xa que os concellos con macrogranxas perden poboación e emprego gandeiro a maior ritmo que aqueles onde existen explotacións extensivas, familiares e sostibles, impactando ademais a outros sectores como o turismo.

Para evitar a cronificación definitiva desta situación non queda outra que apostar por un modelo de produción gandeira prioritariamente extensivo e ligado ao territorio, que vele polo mantemento do medio de vida das e os gandeiros priorizando o desenvolvemento rural e a fixación de poboación, e ao mesmo tempo, desenvolver unha regulación do sector gandeiro que estableza, por unha banda, un tamaño máximo das explotacións en cada sector produtivo, e a revisión da carga gandeira admisible en función das realidades dos ecosistemas e das previsións de cambio climático.

Por todo isto, EU Cambre-Son en Común propón ao Pleno do concello, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. O Pleno do Concello de Cambre rexeita a instalación de macro explotacións agrogandeiras destas características que se sitúan nun modelo de concentración e de produción agroindustrial que non se permite noutros países europeos.
2. O Pleno do Concello de Cambre expresa o seu apoio ás explotacións de gandería extensiva, social e familiar, as cales foron as grandes prexudicadas nas estratexias agrícolas europeas e estatais, apostando con iso de forma clara pola agricultura tradicional e a gandería extensiva do vacún, ovino, caprino e porcino, respectuosa co medio ambiente e que demostrou a súa sustentabilidade.
3. O Pleno do Concello de Cambre insta ao Goberno de España a desenvolver un marco normativo que protexa aos gandeiros e gandeiras fronte ás empresas integradoras. Verificando de forma continua nas macro explotacións, que os requisitos legais se seguen cumprindo e se manteñen as normas de calidade. Tanto para os e as traballadoras, como para os animais que alí se producen.
4. -O Pleno do Concello de Cambre insta ao Goberno da Xunta de Galicia a traballar por manter a competitividade do sector lácteo así como do resto dos sectores gandeiros, rexeitando macro proxectos que poidan propoñerse para outros sectores ou zonas da nosa comunidade autónoma que afecten á competitividade.
5. O Pleno do Concello de Cambre insta ao Goberno da Xunta de Galicia a que poña todas as medidas en marcha necesarias para que a recentemente aprobada Lei de cadea alimentaria que garante prezos xustos aos gandeiros sexa unha ferramenta útil e eficaz que permita acabar cos abusos.
6. O Pleno do Concello de Cambre insta ao Goberno da Xunta de Galicia a que poña axudas directas financeiras en marcha ao sector agrogandeiro para afrontar a subida excesiva dos prezos dos custos de produción.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don

Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por dezaseis votos en contra, rexeitou a moción presentada por EU-Son en Común para o rexeitamento á instalación de macrogranxas no Concello de Cambre.

Acceso á videoacta – 00:57:54 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por EU-Son en Común para a renovación do convenio colectivo e melloras das condicións laborais das traballadoras do servizo de atención ao fogar. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción de EU-Son en Común para a renovación do convenio colectivo e melloras das condicións laborais das traballadoras do servizo de atención ao fogar

Rexistrada de entrada ao núm. 999/279 o día 21 de xaneiro de 2022. Consta do seguinte teor literal:

«O Servizo de Atención ao Fogar (SAF) é un dos piares que sustenta o noso sistema de atención á dependencia, sobre todo a partir da aprobación no 2006 da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Trátase, polo tanto, dun servizo público de carácter esencial cuxa finalidade é garantir a igualdade no dereito subxectivo de cidadanía mediante a promoción da autonomía persoal das persoas en situación de dependencia.

O persoal do SAF, un sector maioritariamente feminizado, compóñeno persoas con especialización que proporcionan unha serie de atencións no seu domicilio a persoas con dificultades para o seu desenvolvemento habitual (fundamentalmente persoas maiores pero tamén persoas con diversos graos de dependencia) e de apoio nas actividades básicas da vida diaria, permitindo deste xeito a autonomía das persoas e facilitando a permanencia nos seus fogares.

Estamos falando dun servizo fundamental para a dignidade das persoas en situación de vulnerabilidade no que, como coa maioría de tarefas relacionadas cos coidados, as condicións de traballo están precarizadas e non se corresponden co valor real que este servizo supón para a sociedade. Que este servizo se desenvolva dentro do entorno doméstico contribúe á invisibilidade das súas traballadoras e traballadores e inflúe nunhas maiores condicións de precariedade, algo que se estende ás coidadoras familiares que o realizan ao abeiro da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Se ben a crise da COVID puxo en evidencia o valor dos coidados e amosounos a fragilidade do sistema actual, introducindo o debate sobre a necesidade de fortalecelo, o transcurso do tempo segue a revelar situacións derivadas da falta de perspectiva e compromiso para abordar a situación. No caso das traballadoras do SAF, a Plataforma SAF Galicia ten convocado diversas mobilizacións coa finalidade de denunciar a precariedade laboral que padecen as traballadoras deste servizo e tamén para darlle visibilidade ás súas demandas.

A regulación laboral do Servizo de Atención no Fogar en Galicia, establécese no convenio subscrito con data do 3 de novembro de 2009 e publicado no DOG en febreiro de 2010 (existe un convenio marco estatal posterior pero sen melloras sensibles nas súas condicións). O dito convenio, xa caducado, cunha vixencia de dous anos (ata o 31 de decembro de 2011) establece as condicións de traballo de todas as empresas do sector independentemente da fórmula xurídica. No seu articulado figuran os parámetros relativos a cuestións como a xornada de traballo, emprego e estrutura retributiva. Por exemplo, atendendo ao seu artigo 44 “Incremento de retribucións” sinala:

“Durante a vixencia do presente convenio incrementaranse anualmente os conceptos reflectidos nas táboas salariais, a excepción do plus de antigüidade, domingos e festivos e plus de dispoñibilidade, nas seguintes porcentaxes:

Para o exercicio 2009, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2008 máis 1,3 puntos.

Para o exercicio 2010, o aumento será del IPC real correspondente ao exercicio 2009 máis 2 puntos.

Para o exercicio 2011, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2010 máis 2 puntos.

En calquera caso, a comisión paritaria determinará os criterios de aplicación nos supostos no que o IPC non fose positivo”.

Non obstante, dado que as condicións do convenio colectivo autonómico non se revisan dende o ano 2009 (a pesar do seu vencemento en 2011) a evolución salarial faise en criterio á subida do IPC, o que provoca que as condicións salariais estean desfasadas. Un dato ilustrativo é que as traballadoras do SAF tiñan hai uns anos un salario bastante superior ao SMI. Porén, as diferentes subidas do SMI e a falta de actualización das condicións do persoal auxiliar do SAF provocan que na actualidade as ditas condicións estean moi próximas ao SMI (nalgúns casos incluso por debaixo do SMI ao ter que traballar por “peonadas” polas que ingresan entre 5 e 6 euros netos por hora), a pesar de tratarse dun labor que require dun grao de especialización.

Asemade, a estrutura salarial que estipula o convenio inclúe outros factores como plus de antigüidade, plus de domingos e festivos, horas extraordinarias ou complemento de distancia. Non obstante, existen serias dúbidas de que estes criterios se estean a aplicar de maneira efectiva segundo o estipulado nel.

As traballadoras do SAF levan tempo denunciando esta situación: salarios baixos e desfasados, contratos parciais e temporais que se poderían encadrar en fraude de lei e pésimas condicións e dereitos no relativo a cuestións como as baixas por enfermidade laboral ou as condicións precisas para a xubilación das ditas traballadoras (a idade mínima que se esixe é de 67 anos).

Esta situación viuse empeorada tras a aprobación da Lei de dependencia do ano 2006 e coa chegada do PP ao Goberno da Xunta, impulsando a privatización dos servizos de atención domiciliaria ao igual que sucedeu coas residencias xeriátricas.

Recentemente, foi denunciada a discriminación das traballadoras do SAF ao non incluílas, xunto ao persoal sanitario, para que lles sexan consideradas enfermidades profesionais os contaxios por COVID, cando este colectivo é o segundo máis afectado despois do sanitario.

Cabe insistir en que o SAF é un servizo municipal que se xestiona de maneira indirecta en moitos casos, polo tanto, o concello debe velar pola calidade do servizo que se presta ás usuarias, pero tamén traballar para que se garanta que o persoal laboral do SAF, en concreto as auxiliares, presten o dito servizo en condicións de traballo dignas como corresponde cunha actividade esencial da que depende o benestar das nosas persoas maiores e dependentes en situación de especial vulnerabilidade.

Por todo o anterior, propoñemos ao Pleno da Corporación de Cambre os seguintes **ACORDOS**:

- Revisar o cumprimento por parte da empresa concesionaria do SAF do estipulado no convenio colectivo con código 8200675.
- Incorporar nos pregos do servizo criterios sociais (no caso de que non se estean incluíndo) como condicións

esenciais de execución que outorguen unha maior puntuación ás empresas/entidades que se comprometan coas condicións laborais das traballadoras. Incorporar mecanismos para a fiscalización do cumprimento do convenio colectivo.

- No caso de licitacións que estean a piques de vencer, o compromiso de facer un estudo de viabilidade de recuperación do servizo do SAF para que este sexa prestado e xestionado directamente por parte desta corporación municipal.
- Revisar que as follas de servizos ás usuarias estean personalizadas e inclúan as tarefas concretas correspondentes e proporcionais ás horas asignadas a cada usuaria.

Instar á Xunta de Galicia a:

- Instar ás partes á negociación dun novo convenio colectivo para a actualización das condicións na que se presta o servizo de axuda a domicilio en Galicia.

Instar ao Ministerio de Sanidade a:

- O recoñecemento das enfermidades profesionais específicas do labor do servizo de axuda no fogar.
- Incluír ás traballadoras do SAF, como xa se fixo co persoal sanitario, para que lle sexan consideradas enfermidades profesionais os contaxios por COVID.

Instar ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións a:

- Empezar as medidas oportunas para o establecemento da redución da idade das persoas que desempeñan actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores e con discapacidade (con código CNAE 881) por medio da aplicación do correspondente coeficiente redutor en seguimento do estipulado no Real decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social.

Instar ao Ministerio de Traballo:

- Establecer o marco que garanta a avaliación dos postos de traballo tal e como se especifica na Lei de prevención de riscos laborais.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeitou a moción presentada por EU-Son en Común para a renovación do convenio colectivo e melloras das condicións laborais das traballadoras do servizo de atención ao fogar

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 01:25:59 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 26/2022, do 10 de xaneiro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Benestar Social efectuada a prol da segunda tenente de alcalde, dona Lúa Sanguinedo Álvarez, dende o día de hoxe ata a súa reincorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Acceso á videoacta – 01:26:42 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/314 o día 24 de xaneiro de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - **Acceso á videoacta – 01:26:43 horas**

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Son frecuentes as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular puxo de manifesto a deficiente prestación do servizo de iluminación pública nas distintas parroquias do noso municipio. Entre elas, a deficiente iluminación na contorna da Nacional VIN ao seu paso pola parroquia do Temple.

Nesta ocasión, son os farois existentes na marxe dereita dirección A Coruña da dita Nacional VI, nas inmediacións de Vila Concepción as que, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, atópanse fóra de servizo, isto é, sen iluminar unha zona que pola súa localización e illamento, aconsella a súa iluminación.

Por iso é polo que desde o Grupo Municipal Popular solicítase que polo concelleiro competente se resolvan os problemas de deficiencia na iluminación do noso municipio, en especial e o máis axiña posible, os existentes na parte da Nacional VI que discorre por territorio do noso concello nas proximidades da Casa da Cultura existente en Vila Concepción.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

2º rogo - **Acceso á videoacta – 01:28:14 horas**

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Vén sendo habitual nos últimos anos que este grupo municipal reciba por parte de comerciantes e consumidores unha percepción deficiente da campaña de Nadal e, en xeral, das campañas municipais de apoio e reforzo ás vendas, así como ás contratacións nas prestacións de servizos. Deficiencias que, desde o noso grupo municipal, trasladamos aos órganos colexiados do concello para tratar de estimular melloras e cooperar construtivamente á súa corrección, realizando así mesmo numerosas propostas ao Goberno local para a reactivación da economía local; todas elas recollidas documentalmente na batería de medidas presentada polo PP no mes de outubro de 2020, na Moción de febreiro de 2021, así como numerosos rogos en comisións informativas e en sesións plenarias, que non foron nin contestadas polos concelleiros de área.

As ditas queixas incrementáronse de maneira moi notable na campaña de Nadal deste mesmo ano 2021-2022 e veñen referidas principalmente á preocupación polos atrasos nos pagos municipais das facturas presentadas e ás dificultades que tanto para o público consumidor como para o propio empresario supón a utilización de medios dixitais a través de dispositivos móbiles que, aínda que non dubidamos que resulten aptos e útiles para outros obxectivos, non resultaron selo para premiar a consumación de maiores e repetidas vendas no pequeno comercio, pois estas son operacións rápidas e instantáneas, polo que precisan sistemas de venda-premio e estímulo moito máis áxiles e operativos que os derivados do sistema de APP proposto polo Goberno municipal, que dificulta en extremo o proceso e engade cargas a unha operación que debe mostrarse rápida, sinxela e eficaz.

É por iso que desde o Grupo Municipal Popular rogamos ao Goberno de Cambre a retirada do sistema de premios ao consumo local mediante o sistema de APP para as futuras campañas de comercio e a súa substitución por medios áxiles e operativos de premios por compras, así como o compromiso de pago nun período máximo de 15 días a contar desde a presentación das facturas relativas á campaña de Nadal 2021-2022.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:40:55 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Tal e como vén poñendo de manifesto nos últimos anos este Grupo Municipal Popular, na redacción das bases das bolsas de estudo municipais están a introducirse principios e criterios que, ademais de contravir a normativa vixente, son claramente discriminatorios ao permitir o seu acceso exclusivamente aos alumnos matriculados en centros públicos; impedindo, por tanto, concorrer aos alumnos matriculados en centros non públicos, como os concertados ou os de educación especial (que adoitan non ser públicos).

Situación que se ve agravada se temos en conta que, tras a documentación e explicacións ofrecidas polo concelleiro de Educación e Sanidade a requirimento deste grupo municipal, polo menos un escolar viu desestimada a súa solicitude de axuda municipal para estudos, por atoparse escolarizado nun centro concertado no curso 2016/2017; outro no curso 2018/2019 e polo menos outro no curso 2021/2022; cando, á súa vez, a partida orzamentaria prevista para as ditas axudas públicas non chega a gastarse nas dúas últimas convocatorias nin na metade nin nun terzo do orzamentado, respectivamente.

Por iso é polo que desde o Grupo Municipal Popular entendemos que, de nada serve incrementar a partida orzamentaria prevista para as bolsas de estudo se se exclúe, con criterios discriminatorios exclusivamente ideolóxicos, a quen pola súa menor capacidade económica acrediten a necesidade do seu acceso. Motivo que obriga unha vez máis a solicitar do Goberno local de Cambre, a desaparición do devandito criterio discriminatorio e contrario á normativa vixente nas bases e concesión das bolsas de estudo municipais.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta o rogo.

Modificación do rogo: Solicita que a modificación das bases se realice con carácter inmediato, non só en relación coas bases que están sendo obxecto de redacción, senón tamén para o procedemento de concesión que aínda non finalizou, iso á vista de que hai criterios que son discriminatorios e contrarios aos dereitos fundamentais previstos na Constitución Española.

Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/316 o día 24 de xaneiro de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - *Acceso á videoacta* – 01:53:19 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

No pleno do mes de decembro de 2021, dende EU Cambre demos traslado á concelleira responsable de Seguridade Cidadá da preocupación crecente que se nos traslada por parte de cada vez máis número de veciños, respecto das afluencias de persoas no exterior dos locais que conflúen na rúa Tapia, ao carón da rotonda. Naquela ocasión, hai un mes, solicitabamos maior presenza policial para disuadir as aglomeracións no exterior e se nos contestaba que máis que non aceptar o rogo formulado, a situación é que o solicitado xa se estaba facendo. Ao mesmo tempo tamén se nos indicaba que dúas patrullas nocturnas aparcaban os coches diante, e que o coche camuflado, fundamentalmente vixiaba que non se bebera fóra dos locais e non houbera aglomeracións.

Pasado un mes, ante a continuidade das queixas, a nosa propia observancia e o incremento dos casos COVID fixemos un seguimento da situación e atopamos imaxes como a que acompañan a este rogo, na que, con todo o coidado tapamos a parte superior das caras das persoas que están no exterior dun dos bares aos que facemos referencia, pero na que intencionadamente, deixamos á vista a parte da boca, para que quede constancia que nin unha soa das persoas que están no exterior levan posta a máscara. A fotografía en cuestión foi tomada ás 22:30 da noite, non de madrugada.

Pasado un mes, comprobado que o que aseguraron dende o Goberno que xa se estaba facendo non é así, recibidas cada día mais queixas de veciñas e veciños, xa non só en relación ao relatado senón incluso a carreiras de coches pola rúa Tapia, portais dos veciños cheos de xente, e rúidos, aglomeracións e falta de cumprimento das medidas de protección COVID, tales como distancia e máscaras, dende EU Cambre PREGAMOS:

Sexa activado un protocolo policial presencial (non camuflado) que elimine a excesiva afluencia, ruído, incumprimento de medidas de seguridade nos locais referidos, coa interposición, na medida que así sexa considerado e apropiado, das sancións particulares ou aos responsables, que procedan de acordo coa normativa aplicable.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

Modificación do rogo: Que sexa iniciado dende o Departamento de Urbanismo un expediente de revisión de cumprimento da ordenanza de rúidos con base nos 3 informes policiais existentes de incumprimento de horarios, e un expediente de medición de rúidos nas vivendas desde edificio, con base nos 2 informes policiais existentes e solicitados polos veciños.

2º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:09:07 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Son múltiples as queixas que estamos recibindo manifestando a desconformidade co pintado da liña azul ao longo da marxe dereita subindo a rúa Tapia.

As queixas, fundamentalmente, ampáranse en dúas cuestións fundamentais, das que xa temos falado en diferentes ocasións neste salón de plenos.

A primeira delas é a grave carencia de lugares de aparcamento na parroquia do Temple. A densidade de poboación, sumada á redución, por diferentes causas, das prazas de aparcamento de carácter libre é irremediábel. Calquera que pretenda aparcar no Temple sabe que, a día de hoxe é unha odisea que está a converter a explanada do Paseo do Burgo na segunda opción dos veciños e veciñas desta parroquia.

Outra das queixas fundaméntase na realidade indiscutible de que moitos dos edificios da rúa Tapia, entre outros, non contan con prazas de garaxe, polo que os aparcamentos libres da mesma marxe facían o labor moi importante de dar a posibilidade de usar as ditas prazas como respiro a moitas veciñas e veciños.

PREGAMOS:

Sexan tomadas en consideración as queixas, entendemos que moi razoadas, de gran parte da veciñanza, e reconsideren a posibilidade de reducir á metade ou a unha fracción do total das prazas, para que poidan convivir as necesidades de aparcamento, coa zona azul, para fomentar a entrada e saída de vehículos para a realización de trámites que supoñen un tempo máis reducido.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:23:24 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

O manifesto incumprimento do compromiso relativo ao despregue de fibra por parte da compañía, pero tamén do concello, que publicou na páxina do concello, ademais de nos diferentes medios de comunicación que:

"Máis e mellores servizos para os veciños do municipio: 9 parroquias de Cambre terán Internet de alta velocidade para 2021"

"O alcalde, Óscar García Patiño, asegurou onte que 'suporá unha mellora importante' na vida dos veciños destas zonas, que non dispoñen deste servizo".

Ante pregunta realizada por EU relativa ao despregue da fibra obtivemos a resposta da concelleira responsable seguinte:

"Dende Telefónica informaron que acaban de pedir unha prórroga para poder seguir despregando o Pebang 2019 durante o 2022, e estaban pendentes de resposta. "

Sendo coñecedores, por tanto, de que o compromiso do despregue tal e como foi comprometido, está lonxe de materializarse, e que hai zoas de Cambre na que non vai chegar vía subvención,

PREGAMOS:

Que de cara a dotar ás parroquias dos servizos necesarios para poder desenvolver un proxecto de vida dixitalizada, algo imprescindible nos tempos que corren, dende o Concello de Cambre, sexa realizado un informe concreto co número exacto de vivendas dos diferentes núcleos de poboación incluídos no programa de despregue que, a día de hoxe carecen da cobertura de fibra óptica, así como das vivendas que están formando parte do despregue por vía de subvención, no caso de que non exista o dito informe, necesario e imprescindible, ao noso parecer. (No caso de existir, pregamos a súa remisión).

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta o rogo.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/311 o día 24 de xaneiro de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º e 2º rogo - Acceso á videoacta – 02:34:55 horas

Faise constar que dona María José García Hidalgo non dá lectura aos dous primeiros rogos que xa lle foron contestados por escrito.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:35:40 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Cónstanos que ao señor alcalde foille requirida por rexistro información sobre expedientes e certificacións en relación coa nova Casa da Cultura, por un técnico cualificado para poder contrastar criterios técnicos dos que o solicitante discrepa.

Dada a situación incomprensible e alongada no tempo do estado exterior do inmovible sen que se teña urbanizado e sen explicacións aclaratorias por parte deste Goberno.

Polo que esta concelleira desde o Grupo Mixto deste concello roga:

Se nos manteña informados a toda a oposición da resposta á dita solicitude formulada hai máis dun ano e reclamada de novo antonte día 28 por rexistro neste concello dirixido ao Sr. García Patiño, así como tamén de calquera asunto relacionado coa unidade de execución onde se atopa a Casa da Cultura.

O señor alcalde contesta o rogo.

Modificación do rogo: Que o señor alcalde informe a toda a oposición de cal foi a última contestación dada ao arquitecto municipal, cal é a información que pide e que se lles facilite a eles tamén esa información (certificados, informes, ...).

Rogos de AV presentados oralmente

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:49:39 horas

Don Raúl Varela Fraguío expón que tras a falta de información solicitada o outro día sobre a desagregación do contrato que saía en prensa, en que por uns 25.000 euros o concello plantaría medio centenar de árbores, que lles ten chegado unha contestación hoxe, ás 3 da tarde, xa que se dá a información a medias e tarde, resultando un atranco para o traballo dos grupos da oposición, xa que neste caso eles non teñen asesores nin funcionarios que os axuden, dende AV fixeron unhas operacións matemáticas simples, en principio pola falta de información, e puideron ver que lles sae un prezo por árbore de 500 euros, coa contestación que se lles deu hoxe.

Árbores que imaxinan especies protexidas, polo valor, ou quizais nese prezo vai incluído o custo dos conos laranxas que brotan en moitos sitios onde debería haber unha árbore. Por iso solicitan a este Goberno, tan preocupado pola transición ecolóxica e a contorna natural de Cambre, que lles faciliten os datos concretos solicitados, en vez de dirixilos a unha plataforma de contratación.

O rogo será contestado por escrito.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:50:48 horas

Don Raúl Varela Fraguío expón que a protección do río Mero é nula, con traballos de mantemento fóra de prazo e pouco control para as empresas que os efectúan. Séguese a permitir unha abundancia de eucaliptos e plumachos nos montes cambreses, así como tallas de dubidoso control, por non falar da desidia e abandono do río Gándara ou do río Brexa.

Os roteiros que enxalzan a localidade presentan un estado de descoido total, tanto en sinalizacións como nos propios percorridos. Os lavadoiros outro tanto do mesmo, puntos referentes da historia do municipio e dos seus habitantes, presentan unha deterioración notable.

Por poñer un exemplo de todas estas cousas, xa no pleno de decembro do 2020, AV fixo un rogo polo lamentable estado do lavadoiro do Rocón, un rogo que foi recollido polo concelleiro de Patrimonio afirmando que se estaba traballando nunha nova contratación para a realización dese tipo de servizos.

E o certo é que a día de hoxe, máis dun ano despois, o estado do patrimonio non está en mellores condicións, e cada vez que se trae algo relacionado co Patrimonio, a resposta é sempre a mesma, polo cal rogan que se actúe inmediatamente, sen agardar por unha licitación que leva un ano en proceso.

O rogo será contestado por escrito.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 02:52:04 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/314 o día 24 de xaneiro de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:52:15 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Son numerosas as queixas recibidas polo Grupo Municipal Popular estes últimos días como consecuencia da extensión da zona azul na parroquia do Temple, a máis densamente poboada do noso municipio.

En concreto, as queixas refírense á oportunidade de ter pintado novas prazas de aparcamento en zona azul en lugares como a rúa Tapia, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, xusto en medio da presente pandemia á que se unen os problemas de tráfico derivados das obras que se están levando a cabo na Nacional VI.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular, ante as dúbidas sobre a oportunidade de estender a zona da ORA na rúa Tapia no Temple nestes tempos de difícil tránsito como consecuencia das obras que se están a levar a cabo na Nacional VI, pregunta ao concelleiro competente se ademais de ser este o momento idóneo para a práctica desta ampliación, está previsto ampliar a zona ORA con novas intervencións nesta ou outras zonas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada de Servizos e Seguridade Cidadá, e o señor alcalde, contestan a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:54:26 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Coincidindo coas datas do Nadal e ata finais do presente mes de xaneiro, o Goberno local puxo en marcha unha campaña solidaria de recollida de alimentos a prol das asociacións e protectoras de animais da zona. Segundo a concelleira de Medio Ambiente e Mobilidade, esta campaña busca *“apoiar a estas asociacións e entidades, que están vivindo momentos difíciles nos que teñen falta de subministración para atender debidamente aos animais, entre eles, produtos de alimentación”*.

Esta loable campaña choca coa ausencia este ano, da campaña municipal de recollida de alimentos a prol dos sectores máis desfavorecidos do noso municipio, razón que provoca que polo Grupo Municipal Popular se pregunte ao Goberno de Cambre se desde o Concello de Cambre, e máis concretamente dende a súa Concellería de Servizos Sociais, puxéronse en contacto nestas datas e con que asociacións e ONG's que prestan os seus servizos na zona, para coñecer cales son as súas carencias e necesidades, e apoialas nestes momentos difíciles de carencia de subministracións para atender debidamente ás persoas que máis o necesitan, así como que ocorreu coa campaña municipal de recollida de alimentos no pasado Nadal.

Dona Lúa Sanguineo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:56:23 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Tralo descrédito que ten suposto para o Goberno local a desastrosa e defectuosa iluminación de Nadal, os veciños de Cambre seguimos padecendo nas nosas rúas e prazas a colocación da dita iluminación que, para maior sorna, segue a recordarnos todos os días o querer e non poder deste Goberno, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, entendendo que canto máis pronto se retire, mellor para todos, se pregunte á concelleira competente ata cando imos ter que seguir padecendo os veciños de Cambre o despropósito da defectuosa e ridícula iluminación de Nadal, que segue colocada nas nosas rúas máis aló de vinte días despois de ter terminado as festas de Nadal.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/316 o día 24 de xaneiro de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:57:23 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Con data 30 de xaneiro de 2020 apróbase o PEID de Anceis que establece dentro do seu plan de etapas:

Conforme co establecido no artigo 68.i) da Lei do solo de Galicia incorpórase ao plan especial un plan de etapas, no que se determina a estratexia de actuación, fixándose os prazos para dar cumprimento aos deberes de urbanización. O desenvolvemento do presente plan especial resolverase nunha única etapa nos seguintes prazos:

1. Expropiación dos terreos: 1 ano dende a aprobación definitiva do PEID
2. Execución das obras: 1 ano dende a aprobación definitiva do PEID

No ano 2021 execútanse obras polo concello no ámbito do PEID. Entendemos que a dita obra non se axusta ao planeamento aprobado, xa que debería terse executado en xaneiro de 2021, tal e como se recolle no plan de etapas.

Preguntamos:

Por que razón o concello non ten obriga de cumprir co planeamento que aproba e ao resto dos veciños se lle abren expedientes disciplinarios por non facelo?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:01:23 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Cal é a causa ou causas concretas que impiden a apertura do pavillón de Anceis a día de hoxe e previsión de data de apertura?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:02:20 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

A principios de novembro mantivemos unha reunión a concelleira de Seguridade Cidadá, o enxeñeiro municipal e eu mesma co obxectivo de analizar os motivos que estaban levando a que determinados edificios do Temple sufriran de inundacións en momentos de grandes choivas, nos garaxes e sotos.

Analizamos a posible necesidade de ter que canalizar auga cara ao paseo marítimo provinte da parte alta do Temple que, en percorrido de baixada polo parque Ramón Barba, estaba chegando aos edificios lindeiros coa praza Manuel Murguía e aos garaxes sitos na parte de atrás, ao carón do Paseo Marítimo.

Tamén observamos que, moitos dos pasos de peóns elevados, nas rúas transversais da rúa Tapia estaban realizando unha plataforma de entrada da auga nos condutos de ventilación dos garaxes dalgúns edificios.

Cales foron os estudos realizados, as obras correctoras e as previsións futuras, orientadas a corrixir esas inundacións?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/311 o día 24 de xaneiro de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª-2ª e 3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:05:00 horas

Lee as preguntas dona María José García Hidalgo.

Dado que no pasado pleno do 30 de decembro de 2021 non se nos respondeu ás preguntas rexistradas en tempo e forma o 27 de decembro de 2021 e se nos indicou que nos serían respondidas por escrito porque descoñecían as respostas.

E dado que non temos recibido ningunha respostas incluso despois de volver a solicitalo nas comisións informativas celebradas a semana pasada, reiteramos novamente as ditas preguntas neste pleno e neste novo ano 2022.

1. Cantos expedientes de disciplina urbanística se atopan a día de hoxe sen resolver dos anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021 separando as cifras por anos.

Na liña coa pregunta anterior:

2. En cantos expedientes e produciu a caducidade do procedemento no 2021 sen que se teña finalizado o trámite unha vez transcorridos os prazos que marca a lei e cantos caducarán no primeiro trimestre do 2022?
3. Cantos expedientes se remitiron á Axencia para a Legalidade Urbanística?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta as preguntas.

Preguntas do BNG presentadas oralmente

1ª-2ª e 3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:08:42 horas

Don Brais Cubeiro Fernández expón que estes días foron informados de que se están a realizar traballos na graveira de Cecebre, polo tanto preguntan:

1. Ten coñecemento o Goberno sobre esta actuación?
2. Quen realiza esta actuación
3. Cal é o obxecto desta actuación

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta estas preguntas antes de finalizar o pleno (*Acceso á videoacta* – 03:10:45 horas), trala exposición da pregunta oral de C's que se transcribe a continuación.

Pregunta de C's presentadas oralmente

Única pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:09:47 horas

Dona María José García Hidalgo expón que lle din algúns veciños que na zona do Paraugas, Casa Leonardo e demais, que os farois non funcionan, que non hai iluminación dende hai un par de días, é a mensaxe que lle mandaron.



A pregunta é se teñen coñecemento diso, e se non, que por escrito lles respondan se hai algún problema, se se pode solucionar, que sucede con iso. Di que simplemente para poder darlle unha resposta aos veciños que se puxeron en contacto con eles.

A pregunta será contestada por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e catorce minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López